

RESOLUCIÓN REITORAL, DO 8 DE XULLO DE 2021, POLA QUE SE CONVOCAN CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O 1.º CUADRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2021/2022

A Universidade de Vigo publica a convocatoria de cursos de formación en lingua galega do primeiro cuadrimestre do curso académico 2021/2022 para a comunidade universitaria, organizados e xestionados pola Área de Normalización Lingüística. Esta convocatoria realízase ao abeiro do Convenio de colaboración en materia de normalización lingüística entre a Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia.

Denominación: cursos de lingua galega

Listaxe de cursos convocados

- Curso de extensión cultural
- Como redactar e expoñer o teu TFG ou TFM
- Curso de redacción e estilo
- Avanza co galego
- Anatomizamos en galego

Persoas destinatarias: comunidade universitaria

Datas de celebración: durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2021

Lugar de celebración: cursos en liña

Duración dos cursos

- Curso de extensión cultural: 75 horas
- Como redactar e expoñer o teu TFG ou TFM: 25 horas
- Curso de redacción e estilo: 40 horas
- Avanza co galego: 40 horas
- Anatomizamos en galego: 30 horas

Coordinación académica

O director da Área de Normalización Lingüística

Número de participantes por grupo

Establécese un número mínimo de 15 persoas preinscritas nos cursos; de non se acadar ese número, o curso poderá anularse, e así se lles notificará ás persoas preinscritas. O número máximo de prazas é de 30.



Consignación orzamentaria

Os gastos derivados da impartición da docencia e da elaboración dos materiais didácticos e docentes imputaranse na partida orzamentaria de Normalización Lingüística 2021 0000 421SNLI 226.06.

Prazo de inscrición

Do 6 ao 24 de setembro de 2021 a través da plataforma virtual bubela.uvigo.es. Así mesmo, o citado prazo pecharase a medida que se cubran as prazas por rigorosa orde de preinscrición.

Matrícula

A matrícula será gratuíta.

Avaliación

Nos cursos requírese realizar o 100 % das actividades, das cales hai que superar o 80 %, ademais do correspondente exame final.

Diploma

No diploma acreditativo constará o nome do curso, modalidade de impartición, duración e programa.

Créditos

Todos os cursos están recoñecidos con créditos ECTS.¹

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR do 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais

Mónica Valderrama Santomé

¹Pendente da autorización pola Comisión de Organización Académica e Profesorado.

